
Actividade para o alumnado

A zona da Coruña de AGAPEMA organizou neste ano 2023 a XXII edición do Rebumbio Matemático a nivel galego onde participaron 99 aulas de 6º curso de Educación Primaria de centros educativos de toda Galicia.

Esta actividade consta de varias fases:

- Unha **fase de centro** onde un grupo de tres estudantes se clasifica dentro de cada clase e que pasa á fase de zona. Durante o mes de marzo todo o alumnado debe traballar problemas en grupo de forma colaborativa, e o grupo que por cada aula obtén os mellores resultados é o que pasa á fase de zona. De cada centro educativo só pode participar un equipo por cada unha das súas unidades (grupo aula). Esta fase celebrouse antes do 1 de abril de 2023.

- Unha **fase de zona** que tivo lugar o venres 28 de abril en cada unha das sedes: A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo. Consiste na resolución de seis problemas por parte dos tres membros de cada equipo traballando conxuntamente, de maneira cooperativa. Pódense consultar estes problemas [na páxina web de AGAPEMA](#).



Figura 1: Imaxes da fase de zona en Lugo (na esquerda) e Vigo (na dereita).

- Unha **fase final galega**, que se celebrou o 26 de maio na Coruña, onde participan de xeito proporcional ao número de grupos presentados en cada zona, en particular nesta edición participaron 16 equipos. Coma sempre tiveron que resolver, traballando colaborativamente entre os membros dun mesmo equipo, seis problemas que presentaban situacións contextualizadas con diferentes formas de presentar e alcanzar a súa solución. Os problemas desta fase tamén se poden atopar na páxina web. Pero non todo vai ser traballar nesta final, tamén nesta sesión gozamos dunha visita cultural ao Castro de Elviña, en colaboración co Concello da Coruña, e dunha comida de convivencia.

Destá fase reciben premio os tres equipos que obteñen as tres mellores puntuacións e o equipo mellor clasificado no Rebumbio Matemático representa a Galicia na Olimpiada Matemática Nacional Alevín. Nesta edición, o equipo Pi participou na V Olimpiada que se celebrou nas Illas Canarias no mes de xuño.



Figura 2: Imaxe da final do Rebumbio Matemático.

Os membros dos equipos gañadores desta edición foron:

1.º Premio: Equipo Pi, do centro educativo CPR Calasancio Pontevedra (Pontevedra), formado polos estudantes e a estudante:

Juan José Portela Rodríguez

Alicia Afonso Mariño

Carlos Ramos Saa

2.º Premio: Equipo Irracionales, do centro educativo Colexio Manuel Peleteiro (Santiago de Compostela), formado polas estudantes e o estudante:

Mariña Prieto Sampedro

Inés Rebolledo Alende

Iván Casielles Cejudo

3.º Premio: Equipo Os Apotemáticos, do centro educativo CEIP San Tomé (Cambados), formado pola estudante e os estudantes:

Carme Diz Oubiña

Carlos Álvarez Rañó

Lucas Falcón Daporta.

Podes atopar máis imaxes da celebración desta actividade e das súas distintas fases [na páxina web de AGAPEMA](#).

Zona A Coruña de AGAPEMA